


A FESTA DA ILHA



Un ano máis estamos convosco, mais non é un ano coma os outros xa que nesta ocasión vimos cargados de poesía. Que vos guste e a gocedes!!, pero, sobre todo, practicádea para que encha as vosas vidas, como encheu a de María Mariño. Moitas grazas a todos os/as colaboradores/as e ata a próxima.

PAIXÓN E MEMORIA

A paixón escapa do tempo, é presente,
xoga coa vontade e a percepción,
esnaquiza o medo e a espera.

A memoria apéganos ao tempo,
constrúenos inexorablemente entre remendos
dun pasado reconstruído.

A paixón é non ser, deixarse ir nunha enxurrada,
vital e báquica.
Catarse de monotonía,
só por inmadurez se quer continua.

A memoria rescata o lume ardente
e esténdeo polo tempo da tenrura.
Permite ver con ollos vellos miradas novas.

A paixón é pingueira de verán, cálida e fresca
que se torna dura e fría no inverno dos reproches.
Non ve, por esquecer, a bruma nos cantís,
mais estes non se moven.

A memoria canea cos naufraxios, percura novo rumbo,
escolle mariñeiros.
Estende pola noite quenturas doutros días.

Paixón sen memoria, é norte desnortado.
Fume nas mans do vento.

Memoria sen paixón, é memoria baleira.
Relato dunha frialdade.

Calixto & Melibeo

LETRAS GALEGAS 2007**MARÍA MARIÑO CAROU**

María Mariño Carou (Noia, 1907 - Seoane do Courel, 1967) foi unha das escritoras galegas máis importantes do século XX, malia levar unha vida discreta e moi apartada dos fastos literarios.



Filla de Xosé María Mariño e Filomena Carou, María Mariño era a segunda de cinco irmáns. A súa infancia e xuventude en Noia están marcadas polas dificultades económicas da familia. Nesta localidade recibiu uns poucos anos de escola e logo traballou como costureira polas casas. As prementes necesidades económicas en que vive a súa familia obrígana a se trasladar ao Pazo de Goiáns, en Escarabote (Boiro), onde morou un tempo cunha tía súa que traballaba como costureira. É precisamente esta circunstancia a que lle permite entrar en contacto coa literatura escrita, ao dispor da magnífica biblioteca do pazo, accedendo a lecturas coas que enriquecerá a súa formación e sensibilidade.

A autora noiesa vive parte da guerra civil española en Algorta (Biscaia), e posteriormente escribirá, produto das lembranzas desta traxedia, o relato inédito “Los años pobres. Memoria de guerra y posguerra“. Finalizada a guerra civil contrae matrimonio con Roberto Posse Carballido, destinado no País Basco para exercer a súa profesión de mestre. Alí tiveron un fillo, que faleceu ao mes e medio de nacer. Esta morte, á que se uniu a da súa nai, provocaría en María Mariño unha fonda depresión nerviosa. De regreso a Galicia e tras un tempo en Arzúa, instaláronse, por motivos de traballo, primeiro en Romeor do Courel e logo en Parada do Courel, a onde se trasladan

por consello médico para curar a depresión nerviosa que sofre a escritora. Alí botará os restantes anos da súa vida, agás algunhas vacacións en Noia, Monforte e A Coruña.

A mediados dos anos cincuenta, María Mariño comezou a escribir poemas, primeiro en castelán e logo en galego. Sen apenas relación co mundo literario, o illamento e a marxinalidade que



caracterizou en moitas ocasións o labor creativo das mulleres condicionou a recepción da súa obra, e mesmo chegou a suscitar nalgún momento dúbidas sobre a súa existencia e a autoría dos poemas.

En 1953 coñeceu a Uxío Novoneyra, quen se convertería nun forte estímulo para María




Mariño e a través del superaría o illamento en que vivía, entrando en contacto con outros escritores como Manuel María, Domingo García Sabell, Victoria Armesto, Sixto Seco, Augusto Assía ou Ramón Piñeiro. No entanto, a súa relación con persoas vinculadas ao ámbito cultural galego son escasas e en grande parte

promovidas por Novoneyra. En 1963, a editorial Celta de Lugo publica o seu primeiro

libro, *Palabra no Tempo*, con prólogo de Ramón Otero Pedrayo. Está escrito seguindo a métrica tradicional e domina, como tema, o intimismo.


27 anos despois, en 1990, pasados 23 do seu falecemento, os poetas Uxío Novoneyra e Antón Avilés de Taramancos promoveron unha edición dos últimos poemas dela.



O volume, titulado *Verba que comeza*, foi publicado polo concello de Noia. Este volume fora rematado pola poeta en marzo de 1967, dous meses antes de morrer. A súa poética é radicalmente intimista, cunha linguaxe rupturista e predominio do versolibrismo.

María Mariño morre o 19 de maio de 1967 como consecuencia da leucemia que padecía, converténdose nunha figura literaria de enorme orixinalidade na historia das nosas letras. Os seus restos mortais repousan no cemiterio de Seoane do Courel.






Si o Outono non crebara o tempo
non se erguía en verso longo o poeta,
o troveiro que en liña chega á meta
arrola a cume, espaia a néboa, achega o vento.
Os cantores esquecen o seu día
e dóense do que saben que lles chega.
Quece o zoco no ourizo e na nebra.
Vela o arbore a súa en lousa compañía.
Alumea o souto a esperanza soia,
a que onte viveu na súa sombra amiga,
espera hoxe o que dela quedou fóra.
Roda do carro que, entre lousa e folla,
vas trocando por mañán cantiga
¡atopas noite, atopas día e quedas soia!

(Palabra no tempo)

Está caendo a folla i en min nace a primaveira.

Está caendo a folla i en min nace a primaveira.



¿Quen entenderá este mar vello?
¿Como digo onte sendo hoxe?
¡Como farto a miña verba do nacer que xa pasou!
¿Como reino nas migallas onde medrei un bon día!
¿Como piso forte sendo branda?
¿Como digo si si non está escoitando?
¿Quen entenderá este mar vello?
Medro, medro e non sei onde parar.
Preso xa e ceguiña no cume
lévame,
lévame ó chan a verba.

Queda hoxe o chan soio
muxindo a pegada do tempo.
Mesturadas terras penetran, peneiran fariña,
fariña que non fai masa.c
Rebélanse as ondas ós mares,
os ríos afogan a pradeira seca,
os camiños non se atopan.
¿Quen entenderá este mar vello?
É outono i en min nace primaveira.
¿Quen o entenderá?

(Verba que comeza)

MAGOSTO E CONCURSO DE REPOSTARÍA



NÓS TAMÉN SOMOS POETAS

O ENGAÑO

Na illa enmeigada
dos maleficios
cantan as ánimas

Corviño cruel
Onde levas a túa mensaxe oculta?

As fortes verbas
do mariñeiro morto
que perdeu as redes

Corviño negro
Que bebedizo de sinal de traizón!

Na illa enmeigada
sangraba o porto
de Santa Cristina

Corviño cruel
Onde levas a túa mensaxe oculta?

A morte axota
As ánimas vagantes
cravándose conxuros

Corviño negro
Que beberaxe de sinal de traizón!

Na illa enmeigada
¡ un laio! e o xesto
voraz da tempestade

Corviño cruel
Onde levas a túa mensaxe oculta?

Eliana 2ºA



Tempos escuros

Na noite triste
dos alaridos,
cantan as harpías

Divindade negra
Onde levas a túa gloria sombría?

... As rudas desgrazas
do anxo caído
que perdeu as ás

Divindade pura
Que esencia de canto de soidade!

Na noite triste
sangraba o corazón
de dor intensa

Divindade negra
Onde levas a túa gloria sombría?

A lúa esporea
os tempos escuros
cravándose temores

Divindade pura
Que esencia de canto de soidade!

Na noite triste,
un susurro! e o gris
ocaso da morte

Divindade negra
Onde levas a túa gloria sombría?

Andrea C. Otero Cerqueira 2 ºA

LOITO

Na noite fría
do loito,
cantan os espectros.

Señorita viúva,
Onde levas o teu chapeu negro?

...As sombras escuras
da paisaxe esvaída
que perdeu as luces.

Señorita muda,
Que tristeza de sol de inverno!

Na casa baleira,
sangraba o corazón
de home morto.


Señorita viúva,
Onde levas o teu chapeu negro?

A tarde bate
os seus fortes choros
cravándose espiñas.

Señorita muda,
Que tristeza de sol de inverno!

Na casa baleira,
un grito! E o home
morto da familia.

Señorita viúva,
Onde levas o teu chapeu negro?



Laura Maestú Vázquez 2ºA

O CANTAR DA SEREA

Na pedra branca
dos mariñeiros
cantan as sereas.

Sereíña loura
Onde levas o teu cantar sereno?

... As profundas augas
do océano negro
que perdeu as ondas.

Sereíña soa
Que música de males de amores!

Na pedra branca
sangraba o corazón
de Carmelo Otero.

Sereíña loura
Onde levas o teu cantar sereno?

A tarde anima
os seus lindos cantares
cravándolle penas.

Sereíña soa
Que música de males de amores!

Na pedra branca,
un corpo! e o día
negro da pena.

Sereíña loura
Onde levas o teu cantar sereno?
Marta Vázquez 2ºA

NAI E CRÍA

A cadela na gorida mira con carraxe intensa
de orfo sen nai velando o seu cadáver;
e como se asumiran un soño de predición
nun momento maiúsculo falan os paxaros
campestres.

Raian o campo, como esqueletes ruidosos,
tres lunáticos xuízosos. Unha aguia esfarela
tempo de media mañá. O pequeno vagalume amplía
as casas que se enchen de anceios enmeigados.

O gran charco do soño que nin unha alma apaña
é coma a mañá riseira nunha cabana...
Pozos de auga, cristalina, que riza do seu colo.

Lúa, a cadela enfurecida, quere bicar a cría.
na tarde sombría vibra o canto do grilo.
Ouvean aos morcegos os lobos na correioira.

JÉSSICA GÓMEZ PAZOS 2ºC



CEMITERIOS

A vella na beirarrúa mira con cara estraña
de becho sen corazón que rilla na súa lóxica
e como se asumiran un sentimento de noxo
nun tenebroso cemiterio falan os putos mortos

Riscan o ataúde como lobos famentos
tres morcegos en voo. Un can anuncia
morto de mente cansa. O esquío moribundo amplía
as maldades, que se enchen de arrepiantes desgrazas

O morto putrefacto do panteón, que ningunha tumba abafa
é como o alento quente do moribundo
pantasma de pega, frío que riza do seu pensamento

Pepe, o enterrador bébedo, quere bicar a viúva
na noite escura sacude un son de luxuria
Ouvean aos necrófagos
os vixiantes do cemiterio

Rosa Amoedo Bouzón 2ºA

A VIDA

A experiencia na vida mira con gran inquedanza
do prosperar sen envexa velando no seu traxecto.
E coma se asumisen unha chea de obstáculos
no camiño da liberdade falan os bos expertos.

Emborraian o cerebro, como agudos avespóns
tres defectos en min. Un pensamento tolea
traballo de pouca experiencia. A enorme fatiga amplía
as horas, que se enchen de cansazo infinito.

O escuro po da beiravía, que ningunha pinga esquece
é como a peor punción que pode chegar da vida.
Dor de gran intensidade, que riza da súa respiración.

Felipe, o canoso cabaleiro, quere bicar a virxe...
Na fermosa igrexa, vibra unha atmosfera de enchente
Ouvean aos espíritos os tolos da clausura.

César Adrián Lago Pérez 2ºA

OS AMANTES

A lúa na noite mira con luceiros furiosos
de falcón sen consolo velando na súa niñada ;
e como se asumira unha dor de sabedoría
nun campo verde falan os paxaros cantantes .

Raian o anoitecer, como soles percutintes ,
tres cerdeiras en sangue. Un raio esfarela
tempo de media sombra. A gran praia amplía
as rosas, que se enchen de cheiros puros .

O río negro do mundo, que nin unha gota esquece,
é como a tristura amarga da viúva ...
Palabra de amor puro, doce, que riza da súa tolemia ,

Mariano, o amante foraxido, quere bicar a Amanda .
Na noite escura estremece o soño da paixón ...
Ouvean aos espectros os amantes do momento .

Diego Díaz González 2ºC



O ILLA NA OLIMPÍADA MATEMÁTICA

Oito mentes inquedas ás que lles gustan os descubrimentos, as adiviñas, os problemas de lóxica e en xeral calquera reto cuxa resolución requira de astucia, intelixencia e, sobre todo, de moita tenacidade. Así poderíamos referirnos aos rapaces e rapazas de 2º de ESO que se presentaron este ano á IX Olimpíada Matemática, organizada pola Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (agapema) e cuxa fase de zona tivo lugar o pasado 27 de abril no IES do Castro, en Vigo. Eles son *Carlos Muíños de 2º A, Carmela Darriba, Mercedes Couñago e Diego Blanco de 2º B, Roberto González e Pablo González (Péibol para os amigos) de 2º C e Pedro Pereira e Lucas Reguera de 2º D. Sen esquecernos de Pedro Cabaleiro de 2º B e Mario González de 2º C, que perfectamente poderían ter participado. Pero as bases eran claras: non podían presentarse máis de oito.*



A proba consistiu en cinco problemas, deses que poden deixar en xaque ao máis pintado, para facer en dúas horas. Resolver un deles podería considerarse un bo resultado, dous excelente, pero facer correctamente tres ou catro, e algún case os cinco, como ocorreu, é, sen dúbida, un éxito.

Á saída da proba relaxámonos tomando un refresco e un bolo. E como non podía ser doutro xeito, rematamos a xornada tamén coas matemáticas: contando os botes que daban as pedriñas que botamos á auga en voo rasante na desembocadura do Alvedosa. E non vos creades, algún deles amosouse como un auténtico experto tamén nesta materia...

PARABÉNS

A

TOD@S!

EXCURSIÓN A MADRID

O día 26 de abril fomos de excursión a Madrid.

Levanteime ás cinco e cuarto da mañá porque tiñamos que estar no aeroporto de Peinador ás seis e vinte e cinco. Daquela almorcei, vestínme rematei de preparar a mochila e ás seis, marchei coa miña irmá, Patricia, miña nai, miña tía e o meu veciño e compañeiro Sergio, cara o aeroporto.

Unha vez alí, encontreime cos meus compañeiros e cos profesores que nos ían acompañar, Iván, o profesor de ciencias naturais e Toñi, a profesora de francés.



Esperamos a que chegaran todos e despois repartiron os billetes. Antes de subir no avión tivemos que pasar por un detector de metais, había que poñer todos os obxectos de metal, as chaquetas e as mochilas nunha bandexa e despois pasar polo detector. Houbo xente á que lle pitou e tivo que pasar varias veces.

Despois subimos nun autobús que nos levou ata as escaleiras do avión. Había rapazas que tiñan medo porque era a primeira vez que subían nun avión e comezaron a chorar. No avión había ingleses, franceses e chineses, e a moitos compañeiros meus tocoulles cuns descoñecidos, a min por sorte,

tocoume con dous compañeiros de 1º B, a viaxe durou cincuenta minutos e pasámolo moi ben.

Ao aterrar en Baraxas (Madrid) en vez de saír polas escaleiras do avión, saímos por unha especie de túnel e unha vez listos dirixímonos ao lugar onde estaba o condutor do autobús, andabamos un pouco perdidos, pero finalmente atopámolo.

No autobús iamos cunha guía chamada Rosa que nos ía sinalando lugares e monumentos importantes, coma por exemplo, o parque do Retiro, a porta de Alcalá, a Cibeles, o palacio Real, a estatua de Neptuno, o edificio Metrópolis, o quilómetro 0 e preto del vimos a Esperanza Aguirre, etc.

Ao rematar a visita panorámica fomos ao zoo, nel tamén iamos cun guía que se chamaba David, que nos ensinou o aquarium, no que vimos peixes de todo tipo, despois, fóra do aquarium vimos elefantes, rinocerontes, koalas, cebras, bisontes, dromedarios, flamencos, etc. Xusto ese día había os espectáculos dos golfinhos e o dos leóns mariños, que foron moi bonitos. Despois fomos xantar e deixáronnos sós polo zoo ata as tres e cuarto, nese





tempo vimos os leóns, os tigres e os monos.

Despois volvemos coller o autobús, fomos ao Museo do Prado, onde tamén tivemos que pasar por un detector de metais e deixar todas as mochilas. No Museo estivemos moi pouco tempo e só vimos o cadro das Meninas, o da Maja espida e o da Maja vestida, un de Saturno devorando a un dos seus fillos, algúns de Cristo na cruz e poucos máis, máis ben só vimos as salas de Goya e as de Velázquez.

Ao saír do museo dirixímonos á estación de Atocha, alí deixáronnos unha hora e cuarto para facer o que quixésemos. Era moi bonita, pero a pena foi que os profesores non nos levaron a ver o monumento que fixeran co nome de tódalas persoas que morreron despois do atentado do 11 M.

Ás sete e media saímos da estación e volvemos ao autobús, que esta vez nos levou ao aeroporto.

Alí tivemos que pasar outra vez por un detector de metais e despois tivemos que esperar máis dunha hora porque os voos ían con atraso. Sobre as nove e media subimos ao avión e esta vez fomos polo túnel. Tocáronnos sitios distintos e a min tocoume con dous señores que non coñecía de nada, pero aínda así, o voo fíxoseme curtísimo.

Chegamos ao aeroporto de Peinador sobre as once menos cuarto e alí xa estaban os nosos pais e nais esperándonos. A min fóronme recoller a miña nai e a miña tía. Chegamos sobre as once e media á casa e estaba esgotadísima.

Foi a mellor excursión de todas.

MARÍA MÍGUEZ LAMAS 1º C



NOTRE EXPÉRIENCE À MADRID

Nous visitons les monuments plus importants en bus. Le conducteur est très antipathique.



Dans le zoo: il pleut, il pleut et il pleut!!! Le spectacle des dauphins est magnifique.



L'avion est en retard. Nous attendons dans l'aéroport.



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

REMATAR A E.S.O.:

Un momento clave que vivimos todos os anos cos alumnos de 4º de E.S.O. dáse no terceiro



trimestre cando se planifican que facer ó rematar este período tan decisivo que constitúe a E.S.O.. Os camiños a seguir son varios, continuar estudando, uns bacharelato outros ciclos formativos de grao medio, ou os programas de garantía social ou ben, os menos, inician a súa andadura na vida laboral. O Departamento de Orientación, nos oito anos transcorridos desde que

se puxo en marcha neste centro, intenta, mediante a elaboración dun plano de orientación educativo e profesional, establecer unha serie de pautas que axuden ós nosos alumnos a elixir a resposta educativa máis de acordo coas súas posibilidades reais, os seus intereses e preferencias vocacionais. Pretendemos que cada un deles faga unha toma de decisións responsable.

Para acadar estes obxectivos todos os anos participamos nunha serie de actividades nas distintas xornadas de portas abertas que nos ofrecen os I.E.S. Pedro Floriani, I.E.S. de Teis e o I.E.S.



Príncipe Felipe de Pontevedra. A información coa que contan os alumnos é moi completa ó facelo in situ.

Tamén este curso percorremos os distintos pavillóns organizados no IFEVI de Vigo polas distintas universidades e escolas profesionais no Salón Monográfico da Educación, a Formación e o Emprego.



RELATOS PREMIADOS NO VIII CONCURSO LITERARIO

1º PREMIO

NON MIRES ATRÁS

As ideas envellecen máis rápido que as palabras!

Le Bon


Aquela tarde chovía moito, era un dos seus días libres da semana, non lle gustaba non poder saír de casa o único día que non estaba atarefado. Decidiu ocupar o seu tempo escribindo un conto para o concurso escolar de relato curto en galego. Dispuxo todo acorde para escribir tranquilo e cómodo. Colleu un vaso de auga, cerrou todas as portas que atopou polo camiño, puxo música e comezou a escribir no seu ordenador:

“Aquela tarde chovía moito, era un dos ...”

Non escribira nin sequera unha liña cando soou o teléfono.

- Diga?
-
- Diga? Quién es?
-
- Pu, pu, pu, pu...

Era algo que detestaba, cando a xente chamaba e non dicía nada. Colgou o teléfono e retomou o traballo. Estaba concentrado no escrito, esquecera todo, nese momento estaba introducido dentro da súa propia historia:



“Escoitou un ruído feble dentro da casa...”

- Neno!!!
- Regina, no me des esos sustos
- Non tes que ir ao pobo?
- No, hoy es mi día libre, ¿recuerdas?
- Eu marcho á de Marina
- Chao, ¡Abrígate!

Todo volvía a estar quedo, agora estaba só na casa, sen ter que preocuparse por ningunha interrupción. Nese momento comezou unha das súas cancións favoritas, sen dúbida iso axudaríao. As ideas fluían dentro da súa cabeza grazas á canción:

“O teléfono soou un intre e parou ...”

O teléfono comezou a soar. Non sabía se collelo ou non. Achegouse lentamente ao aparato, nun impulso, colleuno :

- Diga?
-
- Diga? – estaba moi asustado e non paraba de tremer.
-

Ía colgar cando escoitou un lonxano son que proviña do teléfono.

- Non mires atrás ... non mires atrás ... non mires atrássss...

Deixouno caer. Que fora aquilo? Detrás del escoitou unhas pisadas. Quedou paralizado, non se podía mover. As pegadas notábanse cada vez máis preto ata que se percatou de que ficaron moi preto del, xa dentro do cuarto. Pechou os ollos dicíndose a si mesmo que estaba a soñar, que todo era un pesadelo, un horrible pesadelo, quería espertar xa! Sentiu como algo se pousaba enriba do seu ombreiro. Tiña que estar a soñar, que estaba pasando? Non podendo aguantar máis, xirouse bruscamente.

- Neno, pásache algo?
- Non, nada...
- Eu xa marcho para a cama. Ata mañá
- Se Deus quere...
- Iso, se Deus quere

Outra vez a avoa asustáralo. Os ruídos do teléfono foran invencións súas, seguro. Estaba a piques de rematar a historia cando soou o timbre. Foi correndo ó cuarto dos seus pais para ver pola fiestra quen chamara. Ao chegar non viu a ningún, non había ningún. Xirouse para marchar á habitación pero o timbre volveu soar. Xirouse de novo pero alí non había ningún. Atemorizado correu e correu a través do corredor ata chegar ao cuarto da súa avoa. Baixou o pomo da porta amodo para non espertala se estaba durmida. A habitación estaba baleira! Non había ningún!. De seguido escoitou uns ruídos curtos e continuos. Pouco e pouco foi camiñando, suorento de temor, cara a orixe dos sons. Chegou ao cuarto do seu irmán e empurrou a porta que estaba medio aberta.



Alguén estaba tecleando no ordenador. Era un neno... quen? Non lle podía ver o rostro, estaba de costas. De súpeto soou o teléfono, a continuación o timbre tamén. A misteriosa figura que seguía tecleando dixo con voz enfermiza:

- Non mires atrás ... non mires atrássss....

Sen pensalo dúas veces mirou cara atrás. A súa avoa estaba diante da porta, sorrinte. Ao seu carón estaba alguén. Ao seu carón estaba el, si, alguén cuspidiño a el, tamén sorrinte. A porta cerrouse soa cun forte golpe. Seguíase escoitando o

ruído das teclas.

- Non me oíches?

O teléfono seguía soando.

- Síntoo.

Quen estaba sentado na cadeira? Que era aquilo? O teléfono seguía soando.

- Cállate! – posuído polo medo, colleu o teléfono e lanzouno contra a parede.

A súa respiración non podía ser máis acelerada, todos os seus pelos estaban ergueitos, comezara a chorar sen querer. O teléfono non rompera, alguén estaba falando.

- Estás aí? Por que non falas?
- Papá?
- Si son eu, porque non me abres o portal? Levo chamado e chamado
- Espera un momento

Mirou cara a cadeira, non había ninguén, fóra a súa imaxinación. Colleu de novo o teléfono.

- Ahora te abro

Con bágoas nos ollos foi correndo a abrir o portal. Cando chegou non había ninguén. Mirou arredor, non había ninguén por ningures. Entrou de novo na casa, colleu o teléfono:

- Papá! Dónde te metiste?
- Non mires atrás ... non mires atrás ... non mires atrássss

Dr. Sweet

Nota : non escribas historias de medo, poderían volverse reais.

2º PREMIO

A APOSTA

Preséntovos a Andrea, unha rapaza algo peculiar, tiña una afección moi pouco común. Andrea vivía nunha casa nin grande nin pequena, senón acolledora, cun espléndido xardín, no que pasaba xogando moitos días do verán.

Vivía cos seus pais, que, aínda que os seus traballos lles ocupaban moito tempo, sempre sacaban un chisco para estar con ela. O seu pai era o dono da pista de birlos máis grande da vila e, posiblemente, a mellor. Ten ese negocio porque lle encanta ese deporte, aínda que di



que, o día que perda unha partida aos birlos, cerrará o negocio. A súa nai era avogada, a mellor avogada da vila, da cidade, da provincia e unha das mellores do país; séntese moi orgullosa de que nunca perdeu un caso e asegura que nunca o perderá. Pero voltando a Andrea, a súa curiosa afección era que lle fixesen a aposta que lle fixeran, ela aceptábaa e logo gañaba; no seu caderno de notas ten apuntadas todas as apostas que fixo, xa leva seiscentas trinta e dúas apostas gañadas e ningunha perdida. Algunhas delas eran

sinxelas, como dicir trinta trabalinguas seguidos, outras eran perigosas, como recoller unha pelota do tellado do instituto en dez minutos, pero, sobre todo, eran retos complexos. Por exemplo, a última foi recoller sesenta páxinas do xornal, o cal non parece moi difícil xa que un xornal trae máis de sesenta páxinas, pero tiñan que ser sesenta exemplares dunha mesma páxina, e non podía comprar nin un só xornal, así que Andrea foi casa por casa pedindo unicamente unha páxina do xornal, xusto a mesma.

A xente da vila xa sabía que cando Andrea lle pedía unha cousa fóra do común, era que andaba metida nalgunha aposta, e xa nin se estrañaban. Por suposto Andrea non facía as apostas por diñeiro, normalmente tratábase de diversión e respecto. Pedro, o seu inimigo, sempre lle facía as apostas máis difíciles e incluso en ocasións facía trampa, pero Andrea gañaba sempre.

Nunha ocasión Pedro pasou a noite enteira pensando unha aposta imposible de realizar, e atopouna despois de tanto pensar. Ao día seguinte Pedro escribiu no taboleiro: *“EU PEDRO, RETO A ANDREA Á APOSTA QUE A VAI LEVAR ATA O FRACASO. A APOSTA É QUE DEA A VOLTA AO MUNDO EN CATRO DÍAS E QUE TRAIA CATRO PERSOAS DE DISTINTOS PAÍSES PARA VERIFICAR QUE ESTIVO ALÍ”*.

Andrea nada máis ler as catorce primeiras palabras acercouse a Pedro e díxolle que aceptaba a aposta sen dúbida, logo decatouse de que se trataba dun asunto complicado.

Nada máis chegar á súa casa, foi correndo a xunto dos seus pais e pediulles de xeonllos se podían dar a volta ao mundo en catro días e traer a catro persoas de distintos países. Os seus pais despois de recuperarse da noticia dixeron rotundamente que non, isto desilusionou moito a Andrea, porque a escusa que lle daban os seus pais era que non podía aceptar toda a aposta que lle propuxeran; cando o seu pai aceptaba sempre unha aposta para unha partida de birlos e a súa nai nunca rexeitaba ningún caso que lle ofrecesen, por moi imposible que fose. Así que Andrea subiu chorando desconsoladamente ao seu cuarto, nada máis chegar pechou cun portazo, colleu o seu caderno de apostas e púxose a ler todas as apostas que tiña ata o momento, ao chegar á última páxina, Andrea colleu o seu lapis da sorte e comezou a escribir entre bágoas a aposta que lle propuxera Pedro. Ao rematar pechou o gardou o caderno e meteuse na cama desconcertada, todo ocorrera tan rápido!

Ao día seguinte Andrea non falaba con ninguén; non comía nada, nin no instituto nin o que lle ofrecían os seus pais; xa case non durmía ...

Como a aposta tiña límite de tempo, é dicir catro días, a cada día que pasaba Andrea púñase máis nerviosa, xa que se perdía este reto, acabaría todo para ela, non tería nada polo que ser unha rapaza interesante e especial, e o que tería que facer despois de apuntar a súa derrota no seu queridísimo caderno sería queimalo.

O primeiro día Andrea non era capaz de asimilar o que lle estaba a ocorrer, era sábado e pasou absolutamente todo o día na súa camiña pensando moito no que ocorrera e de cando en cando durmía un pouco derrotada polo cansazo. Os seus pais intentaban que comese algo e saíse da cama pero non o conseguían, e aínda que non lles gustaba ver á súa filla así por aquel simple xogo, sabían que Andrea tiña que aprender a lección.

O segundo día Andrea foi á igrexa, á misa, xa que era domingo, e nada máis chegar púxose a rezar como sempre, pero nesta ocasión pediulle a Deus unha cousa que nunca antes necesitou, foi o seguinte: *“Deus eu xa sei que non sempre me porto ben, pero se perdo esta aposta a miña vida acabárase, xa non terá sentido, polo que quería que me axudas, dáme un sinal, nada máis ca un pequeno sinal, sabereino entender”*.



Andrea quedou todo o día esperando dito sinal pero non apareceu, ou non o soubo ver.

Ao terceiro día Andrea estaba atacada dos nervios, tiña que logralo, xa que ao ser luns tiña clase. Andrea pasouse tódalas clases a pensar, a debuxar bocetos, a escribir

plans, pero ningún lle pareceu o suficientemente bo, nin posible de realizar. Tal era a súa desesperación que non atendeu nin a unha soa clase, nin sequera á súa clase favorita, a de bioloxía. Xa na casa e a punto de meterse na cama esgotada e case derrotada, porque Pedro non dubidou en mofarse dela sabendo que non o ía conseguir; pero nada máis coller a almofada ocorréuselle o mellor plan, o derradeiro, e tombada xa na cama matizou os detalles do seu futuro triunfo.

Ao día seguinte, o último día da aposta, Andrea espertou de bo humor, e moi cedo tamén, hai que engadir, saudou aos seus pais, tomou un bo almorzo, explicoulle aos seus pais que madrugara tanto para poder gañar unha aposta e para iso tiña que ir á casa do seu curmán. Ao chegar á clase, Andrea acompañada polo seu curmán de vinte anos, achegouse a Pedro e díxolle que estivese ben atento porque ía gañar a aposta.

Andrea decidida, colleu unha mesa e arrastrouna ata unha esquina da clase, logo enriba da mesa colocou unha cadeira, e logo con moito coidado e entusiasmo subiuse a ela, púxose na punta dos pés e colleu o globo terráqueo de xeografía, quitoulle un pouco o po, e colocouno noutra mesa, colleu a punta do seu dedo, e fixándose por onde ía pondo o dedo deu a volta o mundo. Nada máis quitar o dedo do globo terráqueo, Pedro grita diante de toda a xente cun ton moi sabiondo: *“¡Aínda que iso chegara, non trouxeches as catro persoas de diferentes países que che dixen que tiñas que traer para demostrar que estiveches aí!”*. Andrea cun ton moi seguro e sen levantar a voz, o cal era estraño porque con toda axente que se atopaba na clase, tanto alumnos como profesores, había un gran alboroto, pero nese momento todo o mundo calou e deixou falar a Andrea que dixo: *“Claro que trouxen esas catros persoas, mira, meu curmán é colombiano e está de vacacións cos seus pais nunha casa preto de aquí; Xoán é americano, porque aínda que viva en España e o seu pai sexa español, a súa nai é americana e el naceu en América; a nova alumna de intercambio e do mesmiño Tokyo e por último a nosa profesora de francés é de París, Francia. E todos eles están presentes, polo que eu creo que esta aposta tamén a gañei”*.

Todo o mundo lle deu un forte aplauso e Andrea moi orgullosa do seu novo triunfo, apuntou no seu caderno de apostas cunhas letras ben grandes e rechamantes o seu novo, brillante e orixinal triunfo ante Pedro, xa leva gañado seiscentas trinta e tres apostas e ningunha perdida, axiña acabará o seu caderno e terá que comezar un novo.

3º PREMIO

“O MELLOR ANIVERSARIO”

O día 12 de outubro foi o meu aniversario e fixen unha festa cos meus amigos, no baixo da miña casa.

Os meus pais regaláronme un balón de fútbol, e os meus avós uns tenis de futbito que eran os que quería, así que me encantaron. A min sempre me gustou moito o fútbol, pois dende a ventá da miña casa vía os nenos xogar no campo que está preto e sentía moita envexa, porque ata ese momento eu nunca tivera un balón dos bos.

O día da festa, como era sábado, pola mañá axudei á miña nai cos preparativos.

Primeiro
tivemos que
varrer o baixo,
despois
colocamos unha
mesa e unhas
cadeiras; o
mantel, os
pratos e os
vasos eran todos
de plástico
porque a miña
nai tiña medo de
que
romperamos



algo e ademais así ao acabar a festa non tiñamos que fregar. Traballamos moito pero pagou a pena. O baixo quedounos moi bonito, porque tamén puxeramos adornos polo teito e polas paredes.

Na invitación que lles dera aos meus amigos poñía que a festa empezaba ás 5, así que ás 4 da tarde xa estaba vestido cos meus tenis novos e coa camiseta do Celta que lle pedira de regalo á miña madriña. O primeiro en chegar foi o meu amigo Betucho, alias Tarambainas (chamámoslle así porque é un pouco toliño) e como tódolos anos, non me traía ningún regalo, sempre se esquecía de compralo a tempo. Os seguintes en chegar foron os xemelgos, o Luís e o Pedro, que tampouco me traían ningún regalo; na seguinte media hora foron chegando os amigos que faltaban e ningún me traía regalos (aquilo non me estaba gustando nada). Os meus amigos déronse conta de que estaba un pouco mosqueado, así que o Pedro contoume o que lles pasara co meu regalo: resulta que decidiran comprarme entre todos un balón de fútbol e a alguén ocorréuselle que podían ir á Madroa un día que adestrase o Celta e pedirilles aos xogadores que o asinasen, e así foi, pero ese día faltaban Canobbio e Baiano polo que decidiron volver ao día seguinte. Cando chegaron, os xogadores estaban no descanso, aproveitaron ese momento para ir falar con eles e cando lle quixeron dar o balón non o atoparon, deixáranos nas bancadas e desaparecera. Despois de escoitar a Pedro quedei un pouco enfasiado pero a miña nai díxome que tiña sorte de ter uns amigos tan bos, xa que se molestaran moito para facerme un bo regalo e, por outra parte, xa tiña o balón que me regalaran os meus pais polo que podíamos xogar un partido despois da merenda.

Ás sete da tarde, cando xa acabáramos de merendar e ía soprar as velas da torta, petaron na porta. O Betucho foi abrir e berroume que preguntaban por min, cando cheguei á porta ¡que sorpresa! Alí estaba Iago Bouzón cun balón nas mans, todos os meus amigos empezaron a rirse; contáranme unha trola, o balón non o perderan, convenceran a Iago para que mo trouxera á miña casa en persoa. Tiña razón a miña nai, teño os mellores amigos do mundo, sen dúbida este aniversario nunca o esqueceréi, porque ademais Iago xogou un partido con todos nós.

Betucho 1º C

ACCÉSIT

IMAXINA

Imaxina por un intre que es unha pinga de auga, unha simple pero non tan insignificante pinga de auga. Poderías formar parte dun río, dun mar, ou incluso dun lago ou amplo océano. Poderías temer, formar parte dunha nube moi densa, e precipitarte ata un campo de cultivo e alí axudar as sementes a medrar; ou mesmo unha bágoa, non deixa de ser unha pinga de auga, así poderías dar acougo e desafogar ás persoas, desvelar os seus sentimentos.

Imaxina agora que es unha pedra, pero... que pedra? Poderías ser unha pedra redonda coas que xogan os nenos cando van ao río, ou pola contra, poderías ser unha pedra afiada e deforme das que hai nas fervezas ou nalgunha montaña. Poderías ser de cor clara, escura, cun tacto suave e agradable, ou cun tacto noxento; tamén poderías estar nun recipiente servindo de apoio a unha tartaruga, ou ser tirada por dous namorados a un inmenso lago onde chagarías ao fondo polo teu peso.

Imaxina que poderías ser un anaco de pan, simplemente unha masa cocida a moitos graos, non parece gran cousa a simple vista, pero poderías saciar a fame de tantos nenos que o necesitan, de tantas persoas que traballarían o fíxese falta para poder comer ese anaquiño de pan que nós anoxamos porque xa non é fresco; poderías alimentar as gaivotas ou pombas que están sempre na túa vila, na túa parroquia, na túa cidade.

É importante que saibas vén o que vas facer, non sempre sairán ben as cousas, pero sempre a túa resposta será correcta, porque non hai leis que prohiban os teus



sentimentos; o que tes gardado nese recobeco do corpo chamado corazón. Algún que outro atoparás que por este camiño ande mal; ese tropezou, esnafrou e xa non quixo erguer por temor a volver caer; non sigas o seu camiño, segue adiante cos teus impulsos sempre que non afecten ou molesten aos que téas a carón, porque el poderíate axudar cando tropeces no teu camiño cara á felicidade, porque el, ás veces, será o teu guía, o teu mapa, a túa rosa dos ventos. Sen el estarás perdido, sen razón de ser, outras veces ti serás o seu guía, e outras nin sequera te lembrarás del; pero así é a vida; todos esquecemos, todos perdoamos tarde ou cedo. Cada cousa ten o seu tempo, e cada tempo ten a súa cousa; sen ela o tempo non tería sentido.



As cousas (como a pinga de auga, a pedra ou o anaco de pan) poden parecer moi sinxelas, pero se afondas un pouco máis, podes observar que iso non é máis ca unha tapadeira; as cousas sempre poden aportar máis do que nós esbozamos na nosa mente, e se ese obxecto ten un valor sentimental engadido, máis aínda. Se non entendes do que che estou a falar é porque ti es ese que caeu no camiño e non quere erguer, pide axuda ao teu veciño, a aquel que pase por diante, xa encontrarás como agradecerllo máis adiante, cando el precise axuda ou mesmo un ombreiro no cal chorar.

A rosa dos ventos.

O NOSO ENTROIDO





A MULLER NA SOCIEDADE

Ao longo de centos de anos na nosa cultura a muller foi tratada, e aínda hoxe en día é tratada en certos aspectos, de xeito claramente machista.

Prívase á muller de desempeñar certos traballos. Foi tratada coma unha propiedade máis do home, págase menos por desempregar o mesmo traballo cós homes...

Aínda que actualmente todo isto para moitos resulte moi afastado, non hai moitos anos que a muller carecía de dereitos tan esenciais coma os de votar nunhas eleccións democráticas, poder ter conta propia no banco, ou a posibilidade de ter unha propiedade de seu.

Ademais de todos estes dereitos básicos, o modelo de muller na sociedade era moi distinto, xa que consistía nunha muller dedicada exclusivamente a coidar dos fillos, a traballar como ama de casa, e que debía saber cociñar, coser, pasar o ferro... a ese tópico machista foronse engadindo outros sen fundamento como o de mala condutora, a pesar de que as estatísticas corroboran o contrario.

Hoxe en día todo isto está en proceso de desaparecer.

PERO, CANDO PODEREMOS FALAR DA IGUALDADE DE SEXOS? .

AUTOR: XOEL LEIRÓS VEIGA



Non hai moitos anos, as mulleres non tiñan dereito a ter un emprego e a poder gañar a vida coma calquera home. Só os homes eran os que podían traballar e manter as súas familias.

O 8 de marzo festéxase o día da muller traballadora (unha conmemoración declarada polas Nacións Unidas), no que se recoñecen os dereitos que ten toda muller a poder traballar.

Esta data tamén reivindica que a muller ten dereito a realizarse como persoa e a atender a máis cousas á parte da familia e a casa.

A comezos do século XX moitas mulleres comezan a traballar nas fábricas nunhas condicións moi duras. Esta situación fixo que se organizaran para reivindicar melloras laborais. Un encerro organizado polas traballadoras dunha fábrica téxtil en Nova Iork o 8 de marzo de 1908, rematou coa morte de 129 traballadoras, cando os donos incendiaron a fábrica para facelas saír.

A cor lila coa que se identifica esta data ten que ver coa cor do tecido que estaban a facer ditas mulleres o día no que morreron.

Hai refráns que nos presentan unha visión negativa da muller e só a poñen coma a señora que ten que coidar dos fillos e levar a casa:

-A muller e a tixola na cociña están ben.

-O home, na praza, a muller, na casa.

-Unha muller forte e brava é o goberno dunha casa.

-A muller que moito mira a cara, pouco atende a casa.

-O luns mollo, o martes lavo, o mércores seco, o xoves saco, o venres peneiro, o sábado amaso e o domingo, que eu fiaría, todos me din que xa non é día.

E así poderíamos ter unha longa lista de refráns que tratan a muller coma un simple obxecto, en lugar de coma unha persoa.



Na actualidade as mulleres teñen un traballo, coidan os fillos, ocúpanse de infinitos labores domésticos...

A muller aínda está vista coma a que ten facer todos os labores no fogar. Aínda que cada vez máis homes se afanan en axudar na casa e son eles os que cociñan, fregan, pasan o ferro,...

Comezan a romperse eses papeis que se lle tiñan asignados a cada membro da familia e agora todos os membros deben axudar na casa e non deixarllo todo ás mulleres.

Hoxe en día as mulleres poden acceder a calquera tipo de traballo, antigamente só estaba permitido para homes, coma por exemplo, unha enxeñaría.

En España o paro feminino dobra ó masculino. Na maioría dos casos son moito maiores os salarios dos homes cós das mulleres, estando no mesmo posto.

Moitos países tentan ter igualdade de xéneros. Pero isto non é tan doado, xa que precisa cambiar moitos costumes, papeis...

España está en período de cambio, pero aínda lle queda moito camiño por percorrer.

María Comesaña

Moitas veces cando vemos o telexornal, móstransenos casos de maltrato ás mulleres. Poden ser maltratadas polo marido, polo pai... pero sempre lles sucede ás mulleres.

Isto non se pode permitir. As mulleres sempre tivemos problemas coa sociedade pero isto é moito máis grave. Os casos máis frecuentes son os do maltrato por parte do marido. A muller por medo e porque está namorada non fai nada por remedialo. Hai que denunciálo, porque sempre che prometen que non o volverán facer e que están moi arrepentidos, pero é mentira e volven a pegarche. Neses casos hai que pedir axuda. Ben se pode chamar a policía ou a un sitio onde están especializados niso. É igual onde se chame, pero non podemos deixar que nos peguen.

As mulleres temos que seguir demostrando que somos fortes e temos que facernos respectar. Nunca debemos deixar que nos maltraten.

Uxía 2ºA



Levamos só tres meses do 2.007 e no que vai de ano, morre unha muller a mans do seu marido, ex-marido, parella ou ex-parella cada catro días. Esta violencia de xénero está agora moi á orde do día, por dicilo dalgunha maneira. Hai xa uns anos que se lle está a dar moito bombo publicitario, e é case un feito demostrable que cada ano aumentan as vítimas. Este aumento das vítimas está ligado á publicidade que se lle dá? Moita xente

pensa que si, que canto máis se di en prensa, TV e radio máis aumentan as vítimas; pero non será que, cada ano, non é que aumenten as vítimas, senón que hai máis denuncias debido a que a policía logra descubrir máis casos de violencia, ou que máis mulleres se atreven a denunciar a situación que están a vivir na súa casa, traballo – porque hai mulleres que sofren acoso no traballo, xa sexa por parte do xefe, compañeiros ou clientes- , etc? Eu creo que a teoría de que cada ano hai máis denuncias e máis casos resoltos é máis factible, porque sería bastante raro que un home comece a agredir á súa compañeira simplemente porque se lle dea moita publicidade. Sen embargo, si sería factible que, como cada ano máis mulleres se atreven a denunciar, sentan o precedente para futuras agredidas. Tamén resulta crible que as mulleres e a sociedade en xeral, observan que a xustiza funciona, non tan ben como debería, pero si o suficiente para que se poidan afastar desas persoas perigosas.

Neste campo, tamén hai que salientar e estudar o comportamento e o porqué dos agresores. Estas persoas, maioritariamente homes, non teñen que ter un comportamento agresivo, para nada! De cara a fóra son homes completamente normais, pero dentro da casa deben sentirse... non sei, inferiores á muller, e deciden que así non pode ser, así que lle arrean.



Os pobres ignorantes maltratadores, porque non son máis que iso, non se decatan de que, se se senten inferiores, con razón ou sen ela, o camiño non é o maltrato. Moitos non causan dano físico na muller, pero as verbas crávanse como puntas afiadas e fan tanto dano como un golpe nun ollo. O feito de agredir verbalmente non só se dá dentro da casa, senón fora tamén; e non teñen que ser ferintes en si: unha simple descrición groseira pode degradar á muller ata un punto inimaxinable. As mulleres, sobre todo as xoves, sofren todo tipo de verbas groseiras, sobre todo de homes incultos. Para non sufrir isto, o que as mulleres debemos facer é ser máis intelixentes que os agresores- cousa non moi difícil, por outra banda- e ignoralos, ou ben responder cun comentario mordaz. Este tipo de comportamentos son froito da sociedade -agora non tanto- machista na que vivimos; se unha muller fai un comentario groseiro sobre o físico dun home, sería vista con malos ollos, como se non tivera clase, pero se é o home o que di o

comentario respecto dunha muller, non reparan no feito, considérano completamente normal.

Recentemente saíu un estudo que aconsella ás mulleres maltratadas ter un código cos fillos, facerlle un sinal para que pida axuda á policía. Tamén aconsella avisarlles aos veciños para que pidan axuda se escoitan algo raro. Neste tipo de violencia hai dous tipos de vítimas: as mulleres agredidas, por suposto, e os posibles fill@s, xa que estes son moitas veces testemuñas presenciais do ataque, e isto causa traumas, teñen medo, e non só do pai, senón que collen unha especie de fobia cara ao sector masculino. Ademais, estes rapaces medran sen unha figura paterna precisa, debido aos cambios de humor que sofre o seu pai.

Estas mulleres, aínda despois de denunciar o acoso e estar separadas das súas parellas, teñen que pasar un período moi longo de tempo para que volvan a sentirse persoas ao 100%, se é que se senten algún día. Moitas delas pensan que as culpables son elas, que teñen a culpa de ser agredidas polos seus compañeiros, que fan algo mal e por iso se lles pega. É aí onde os psicólogos teñen que traballar con máis profundidade e onde se conseguen máis logros hoxe en día.

En conclusión, as mulleres agredidas deben denunciar a situación desde un primeiro momento e non caer no pensamento de que poden cambiar e que so foi unha vez. Pero non so a muller maltratada, senón toda a sociedade en xeral. É moi importante mentalizar e abri-lle os ollos á xente, sobre todo á xente que non quere abrir os ollos. Ademais, nos debemos ser máis intelixentes ca eles, moito máis.

Yeray



O papel da muller na sociedade é un asunto que está moi de actualidade, sobre todo nos medios de comunicación; cando estamos vendo que todas as semanas aparece un caso de maltrato, cando non de morte, dalgunha muller a mans do seu home, noivo, etc...

Todo isto debe facernos pensar, que é o que está pasando na nosa sociedade. Como é posible que se estean dando estas cousas tan terribles?.

Eu parto da idea de que, tanto homes coma mulleres, somos iguais en todo, menos no que nos diferencia física e sentimentalmente. Quero dicir no que fai que uns sexamos homes e outras sexamos mulleres.

Pero a partir diso, o noso xeito de vivir, debe levarnos a comprendernos e axudarnos mutuamente, sabendo que moitas veces uns e outros, temos xeitos distintos de ver e solucionar os problemas. O cal non quere dicir que unha solución sexa a mellor ca outra, senón que son distintas e, ás veces, complementáanse entre elas.



Todo o anterior significa que, tanto á hora de traballar, acceder a postos de traballo, ou cobrar, non pode haber ningún tipo de discriminación, nin que se favoreza a uns ou outros polo seu xénero, senón pola súa valía.

Laura Otero Ortega

Agora a muller pode desempeñar calquera tipo de traballo e pode expresarse con liberdade onde e cando queira.

Isto non foi sempre así, xa que na antigüidade as mulleres non tiñan os mesmos dereitos cós homes.

A maioría das mulleres de antes facían as tarefas da casa, eran as encargadas do coidado dos fillos e aínda había algunhas que traballaban fóra tamén para poder manter os fillos, cousa que agora non ten por que pasar.

Un exemplo disto podémolo atopar en calquera familia, é dicir, a maioría das nosas nais traballan fóra, e os nosos pais axúdanlles nas tarefas da casa, pero isto non pasa coas nosas avoas. Elas eran as absolutas encargadas das tarefas da casa e do coidado dos fillos, xa que os homes ou traballaban fóra ou porque antes as cousas era moi distintas e facíanse de distinto xeito.



Por exemplo a miña avoa era a encargada das tarefas da casa e do coidado dos fillos pero tamén foi traballadora durante moitos anos da antiga fábrica de Regojo.

Sumándolle ao seu o diñeiro que traía o meu avó de estar embarcado puido sacar a miña nai e a os meus tíos adiante ela soa (sen axuda de ninguén).

Con isto quero dicir que a muller foi evolucionando moito ao longo da historia, e que agora a vida da muller da actualidade é moi diferente a vida da muller de antes: xa que agora reciben máis axudas do home e non ter por que ser ela a que faga todo o da casa, nin ten que levar ela soa a educación dos fillos, e moitas cousas máis.

Eu penso que a muller de agora ten unha vida máis fácil, menos sacrificada, máis levadeira, é dicir, máis normal.

Ángel Maquieira

CAMPIONATO DE ATLETISMO



INFELICES PERO CONTENTOS

A infelicidade é un estado natural, convivir con ela é o mellor camiño cara o equilibrio existencial, sen embargo estamos inmersos na cultura da felicidade, que as máis das veces vén unida a unha capacidade para ter, posuír, comprar,...

O éxito máis grande do sistema capitalista e ternos hipnotizados coa posibilidade de comprar felicidade, de que seremos máis felices canto máis teñamos. O problema é que sempre podemos ter máis e sempre hai que ter máis e polo tanto ser máis feliz. Inculcarnos que coa riqueza poderemos evitar todo tipo de frustración e seremos desexados e admirados.

Nesta espiral de busca duna felicidade inexistente esquecemos aprender a convivir coa infelicidade, coa insatisfacción, a frustración ou os fracasos. Considero que afastar dos nosos fillos estas experiencias, pretender mantelos nunha permanente situación de satisfacción dos seus desexos é o maior engano xamais contado.

É hora de explicar, ensinar, que a vida é un cúmulo de insatisfaccións superadas, de fracasos e victoria, de frustracións e de éxitos que se suceden permanente e simultaneamente nunha loita continua por crecer. O ser humano non se mide polas veces que cae, senón polas que ten a coraxe de levantarse e continuar.

Convivir coa infelicidade non significa resignación, senón todo o contrario, ten que ver coa actividade constante de enfrontarnos a nós mesmos, valorando máis o que somos que o que temos, a sabedoría e a dignidade máis que o éxito e as aclamacións, o valor da superación, de camiñar cando estamos cansos.

Neste mundo en que vivimos cara aos demais, son referentes os ídolos mediáticos da farándula e o divertimento. Este pode ser paradigma da nosa sociedade na que científicos, inventores, líderes solidarios, poetas, médicos, arquitectos ou filósofos son grandes descoñecidos fronte a modelos mediáticos rodeados duna cohorte de aves rapaces no paraíso da compra e venda. A felicidade está na imitación, ter o que eles teñen.

Nunha ocasión un amigo, triste e deprimido, confesábame que el quería ser famoso. Non me dixo facendo que, só quería ser famoso. Hoxe enfermo psíquico, vive cos pais, illado e convivindo coa súa enfermidade.

Cando a miseria afoga, non queda tempo para a depresión, necesítase para intentar sobrevivir. Se cadra, contra a proliferación de enfermidades psicolóxicas debíanse organizar viaxes a zonas de miseria, abundan e son baratas, polo prezo dun cruceiro poderíase facer dez viaxes. Seguro que resulta eficaz e ademais aforraríanse moitas menciñas.

Propoño un modelo de infelicidade asumida, de procesos inacabados e imperfectos que xustifiquen a existencia sen converternos en seres ansiosos, tristes, depresivos e insatisfeitos. Propoño ser conscientes do valor da infelicidade coma do apetito para saborear a comida, que non hai máis que infelicidades superadas solidariamente e non somos, nin seremos máis que resultado dunha convivencia serena co que non somos. Sede infelices. Non pasa nada.

Pedagogo da Silveira

4º A



4º D.C.





4º B



Introdución

Ás veces, a verdade é que case sempre, considerámonos o centro do universo, e que nós e os nosos procedementos son os máis importantes e posiblemente os únicos verdadeiros, desprezando os alleos. E desta especie de seudoverdade non se escapa a ciencia, con maiúscula e con minúscula. Disto temos abundantes exemplos. Valla a seguinte escrita para reflexionar sobre o asunto.

INTEGRACIÓN (social) e DIVERSIDADE (cultural)

Hai uns anos, mellor debería dicir uns cantos cursos académicos, tiven a sorte de ter un alumno moi peculiar. Nun instituto de Pontevedra deille clase a un estudante que procedía dun país de Oriente Medio.



Cal sería a miña sorpresa ao entrar nunha clase de Cuarto da ESO e atoparme cun alumno fraco de pel morena e cunha vestimenta diferente á dos demais.

Normalmente imparto as clases en galego, mais despois duns días e de ver que o rapaz non se decatara, decidín dirixirme a el en castelán, aínda así non logramos grandes avances, pois el tampouco dominaba a lingua castelá. Eu falaba con el e el inmediatamente buscaba nun pequeno dicionario que tiña, a súa tradución. Optei finalmente por falar con el en inglés, pero tampouco serviu de moito. O seu inglés e mais o meu parece que eran incompatibles. Decidín entón dúas cousas, sentalo ao lado do que consideraba mellor alumno e boa persoa e que nos entendésemos na linguaxe universal composta por signos e verbas clave. E, pouco e pouco, fómonos entendendo. Dicir que neste tempo todo, o rapaz non contou con ningún profesor ou profesora de apoio de lingua española, lingua galega, nin tan sequera con calquera outro tipo de apoio social.

A primeira desorde ocorreu cando chegou o Ramadán, pois durante todo ese tempo deixou de asistir á clase. Cando voltou xa era pleno inverno, nunha cidade bastante fría como é Pontevedra, e o que me chamou á atención foi que Massah, chamareille así ficticiamente, viña

calzado soamente cunhas sandalias. Nada máis miralo entroume frío e ofrecínme para regalarlle uns zapatos, que refugou, pois díxome que estaba acostumado e non pasaba frío nos pés. Non sei se por consideración cara min ou por que, pero ao día seguinte trouxo postos uns calcetíns por dentro das sandalias.

Massah, como parece ser que son a maioría dos estudantes orientais era un formidable calculista, polo que pouco a pouco fomos empatizando e a nosa relación foi máis alá que a normal dun profesor co seu alumno e logrei aprender moitas cousas da súa cultura e sobre todo dos seus razoamentos matemáticos. Era normal que quedásemos moitos recreos charlando.

Teño que dicir aquí que, fóra do ámbito escolar, Massah gañaba a vida traballando pola noite na descarga de peixe na lonxa de Marín. Pagábanlle por iso unhas catro mil pesetas, que para quen non o saiba esa era a moeda que había neste país antes de que usásemos o euro, pero a persoa que o contrataba quedábaselle con dúas mil pesetas de comisión. Así que moitas mañás chegaba á clase esgotado e medio durmido.

Tamén tiña outras inquiredanzas, e así por aquel tempo, adestraba cos xuvenís ou cadetes, non lembro que categoría lle correspondía pola idade, do Pontevedra C. F. Pero coido que aí tampouco tivo futuro.

Cando chegamos á ecuación de segundo grao, sorprendeume ao descubrir que tiña un método propio para a súa resolución, pero a verdade é que era de esperar, pois xa antes dixen que era un excelente calculista. Despois de explicar a famosa fórmula que resolve as ecuacións de segundo grao, si esa que di “*x igual a menos b, máis menos raíz cadrada de b ao cadrado menos catro a por c, e todo dividido por dous por a*“, puxémonos a resolver exercicios de ecuacións deste tipo e resulta que antes de que ninguén rematara el xa tiña as súas solucións.

En vista do cal decidín adoptar o seu procedemento. O rexeitamento do resto da clase foi total : *Profe, nós xa temos a NOSA fórmula e non queremos outra*. Explíqueilles que a *SÚA* fórmula non era tan súa, senón que proviña dos matemáticos árabes medievais, en particular dun chamado Al-Kuwaritzmi, antepasado quizais do seu compañeiro.

Xa dixen que Massah obtiña as solucións moito antes cós seus compañeiros, así que lles propuxen que se axudaran da calculadora, e aínda así lles gañaba.

O procedemento que usaba Massah é moi parecido o que usamos para explicar as propiedades das raíces da ecuación de segundo grao, e por medio delas reconstruír a ecuación da forma : $x^2 - Sx + P = 0$, onde S representa a suma das raíces e P o seu produto.

Dada a ecuación de segundo grao escrita na súa forma estándar : $ax^2 + bx + c = 0$, o que facía o noso estudante era, cunha facilidade que só se pode adquirir con certa dose de enxeño axudado de moita práctica, buscar mentalmente dous números b_1 , b_2 tales que : $b_1 \cdot b_2 = a \cdot c$ e que $b_1 + b_2 = b$, e recompoñendo alxebricamente o que el facía mentalmente, e repito cunha velocidade asombrosa resulta :

$$ax^2 + b_1x + b_2x + c = 0$$

$$x(ax + b_1) + (a \cdot c / b_1)x + c = 0$$

$$x(ax + b_1) + c[(a / b_1)x + 1] = 0$$

$$x(ax + b_1) + (c / b_1)(ax + b_1) = 0$$

$$(ax + b_1) \cdot (x + c / b_1) = 0$$

e de aquí obtéñense as dúas solucións : $x_1 = - (b_1 / a)$ e $x_2 = - (b_2 / a)$

Repito, todos estes cálculos para a obtención das solucións da ecuación de segundo grao, que alxebricamente parecen sinxelos, el realizábaos mentalmente e máis rapidamente que calquera dos nosos alumnos axudado para iso dunha calculadora científica.

E así, pouco a pouco fómonos achegando ao final daquel curso. E aí iámonos a topar aínda con outra sorpresa, e esta por inesperada foi maiúscula. Na avaliación final, si na final, non en calquera outra, o Xefe de Estudos, comunicounos que non se podía avaliar a Massah, pois o Centro non tiña constancia do seu expediente académico.

Dicir que o seu pai estaba no país como un refuxiado político, e que tal vez por iso a súa Embaixada non lle remitiu o seu expediente, non é unha xustificación. Adoptouse a solución, parece ser que foi decidida vía Delegación da Consellería, de abrírlle un expediente académico novo e de avalialo en Terceiro de ESO, que iso si o permitía a Lei, por ser o inicio dun Ciclo. E como mal menor foi o que se decidiu.



Automaticamente foi incorporado a un Curso de Terceiro, precisamente a un nos que eu non daba clase, pero falei co profesor de matemáticas dese curso para que o cualificara cun notable.

Problema resolto?. Non. Pois case ao final de verán dese ano atopeino nunha festa a finais de agosto, vendendo fundas de móbiles, que tiña expostas nunha manta no chan. Cando o vin achegueime a falar con el, e o primeiro que fixo foi tratar de regalarme unha das fundas. Agradecinllo pero díxenlle que non a aceptaba, que en todo caso lla mercaría, pero que non me valía pois non eran compatibles co meu teléfono móbil, (máis ben teríase que dicir teléfono portátil, pois o que se di móbil non é). Puxémonos logo a charlar, e comenteille que para o vindeiro curso, no que eu xa non estaría nese Centro, pois por ese tempo era profesor interino, e posiblemente tería que ir a outro, non tería dificultades coas matemáticas nin coa lingua, que xa case dominaba. A súa resposta xeou a calorosa noite de agosto : *Profe para o vindeiro curso non podo estudar, pois xa cumprín dezaioito anos, e non me matricularon.*

Anos despois souben que traballaba de camareiro.

Hai uns meses, o verán pasado, cando saía de comer dun restaurante e atravesando sobre as tres da tarde por unha deserta Ponte da Barca, cruzouseme en sentido contrario un mozo que ía dando pedal nunha bicicleta, e cando pasou ao meu carón decateime de que era Massah.

O equipo cadete masculino da SAR



consegue máis do que se propuxo.

O equipo cadete masculino da SAR, acaba de chegar de Gijón onde xogou a fase clasificatoria do sector español, pero quedaron segundos de grupo e non pasaron de rolda. Os partidos foron moi duros e os árbitros moi estritos con eles, sobre todo no primeiro partido contra os da casa (Revillagijedo). Unha proba diso foi pitar catorce penaltis a favor dos da casa e catro a favor da SAR; ademais pitaron en contra da SAR cousas que só vían oa colexiados. Pero os xogadores, adestradores e directivos están moi contentos polo conseguido e o moi bo xogo que realizou o equipo, tanto na liga, coma na fase clasificatoria ao sector galego; como no sector galego ao quedar segundos de Galicia e na fase do sector español onde foron felicitados polo seleccionador nacional cadete polo excelente xogo. Os xogadores teñen moitas ganas de volver intentalo o ano que vén e ao seguinte.




Hugo.

3 FIGURAS FEMININAS DA MITOLOXÍA GALEGA


por Jennifer Cal (3º A)

Información extraída do libro "Diccionario dos seres míticos galegos" (dispoñible na biblioteca do IES)

ANA MANANA: Moura encantada que vive nunha fonte que leva o seu nome, nuns penedos próximos ó Pozo Meimón, no río miño, nas proximidades de Ourense, cara o Castrelo. Sábese que é fermosísima a que viste de branco. Houbo intentos de desencantala, mais fracasaron sempre.



BRUXA: Muller que por herdanza, por sinal de nacemento ou por **Pacto co Demo**, goza de poderes e coñece receitas para causar o dano. Chegan a bruxas as que cumpren algún destes requisitos: ser sétima ou novena filla da mesma nai sen varón interposto e non ter defecto físico mesma nin saber amadriñada co nome de María pola irmá máis vella; herdar doutra bruxa a vasoira máxica ou o cacharro onde gardan o cacho; saber de memoria as oracións que lles son propias (como o noso pai das bruxas); facer dereitamente Pacto co Demo.



DAMA DO CASTRO: a Dama do Castro ou tamén chamada doncela encantada, é unha boa muller sempre disposta a dar un consello a quen o necesite para saír con ben das situacións comprometidas. Vive en castelos de cristas situados debaixo dos castros e das torres derrubados dos vellos castelos de Galicia. É mais doado que se lles apareza ás persoas aflixidas por algún problema que a aquelas outras que tratan de forzar a súa presenza levando ricas viandas ós arredores dos castros.

HISTORIAS NUN TABOLEIRO

Os taboleiros do noso instituto poderían ser testemuñas de conversas confidenciais, cotilleos e discusións nos departamentos, falcatrúadas dos rapaces e rapazas durante os cambios de clase, incluso durante as propias clases. Pero seguro que ningún dos taboleiros do noso centro sería tan locuaz como o do meu departamento, o de matemáticas, á hora de falar dos acontecementos dos últimos anos: as interminables modificacións dunha lei de educación que non nos termina de convencer a ninguén, escenas e imaxes de personaxes sinistras da nosa historia recente, un chiste dun mestre que se rende ante a incontestable hexemonía do seu alumno, a vida de mulleres dedicadas ás matemáticas publicadas o día da muller traballadora nalgún periódico... E quen hai detrás de todo isto?. Sen dúbida, ten que ser alguén a quen lle gustan a historia e as historias. Se cadra para non esquecer, se cadra para recordar tempos mellores. Alguén que fixo do taboleiro do meu departamento un taboleiro moi especial.

Pero en adiante, xa non vai ser o mesmo. Si, o profesor **Uxío Pazos** déixanos despois de catro anos neste centro. Claro, cando a un lle dan unha praza preto da súa casa, coa posibilidade de ficar un pouco máis na cama polas mañás e non ter que soportar o tráfico de saída da súa vila e de entrada noutra, é difícil dicir que non. A Uxío gústanlle a historia e as historias, e ademais sabe contalas. De feito, é un experto en historia das matemáticas, cousa rara no noso gremio, no que en xeral, preocupámonos máis polos teoremas que polas persoas que os fixeron. Ten escritas biografías de moitos matemáticos, uns máis coñecidos que outros, das cales eu tiven o gusto de ler unhas cantas o primeiro ano que traballamos xuntos neste centro. Espero que non che pareza mal, Uxío, que anime á xente a que chas pida.

Supoño que durante os anos vindeiros o meu departamento non estará tan ordenado como está agora e non terá un taboleiro con tantas historias. Sempre podería facerme o propósito de que fose así, todos podemos cambiar, pero tanto, tanto...

Seguro que falo en nome de moita, moitísima xente deste centro, profesores e profesoras, alumnos e alumnas, e como non, de Marta e de María José, ao desexarche a mellor das sortes no teu próximo destino. Non te esquezas das túas historias, e de facérolas chegar a nós.



Unha aperta moi forte.

A profe de lingua.

Esta profesión, si, ser docente, é dura. Quéímanos, cánsanos, pero tamén nos dignifica e nos recompensa de moitas maneiras, esas, que saben os que teñen vocación, coma ti, Ana.

Ana, a nosa compañeira, é profesora de Lingua e Literatura Castelá en Redondela dende hai quince anos. Primeiro formou parte do claustro do I.E.S. Mendiño e máis tarde, dende hai dez anos, do noso centro, sendo catro deles xefa de estudos.

Ana, como xefa de estudos, ensinounos o que era compaxinar eficacia e rigorosidade coa humanidade coa que trataba os casos particulares. Cos alumnos máis conflitivos sempre buscou a decisión máis xusta, e para alumnos con necesidades educativas especiais sempre tiña un tempo de dedicación na procura da resposta máis adecuada.

Ana, profesora de Literatura, ensina ós seus alumnos a mirar con ollos críticos non só a literatura senón a realidade máis inmediata.

A Literatura é un mundo fantástico, e grazas a ti, tantos alumnos redondeláns que pasaron polas túas mans, soñaron mirándose cal espello no mar que rodea a nosa Illa, e voaron con personaxes participando na aventura que nos brindan os clásicos, os poetas... e despertando a creatividade que os nenos levan dentro. Non sen esquecer a introdución ó mundo da publicidade que a ti tanto che gusta e eles non esquecerán.

Nunha comunidade pequena, como é o noso centro educativo, ó longo dos anos son moitas as horas que pasamos xuntos, moitos problemas que resolver, moitos alumnos que compartir e moitas horas de gardas, de biblioteca, de actividades extraescolares e... como non, de lecer a ritmo de chá-chá-chá.

Ana, estas palabras non queren soar a despedida, senón ser unha pequena mostra de agradecemento ben merecido á túa persoa e á túa profesionalidade.


Compañeira sempre.



Pasatempos Matemáticos

1.- Calcula o ángulo da estrela de 5 puntas, tamén coñecida como a *Estrela Pitagórica* :

2.- Descubre o valor de cada letra para que se verifique o seguinte criptograma :



3.- Completa a serie para que cada cela sexa igual á suma das dúas superiores, Serie coñecida como a Serie de Fibonacci :

5
81

4.- Encontra a solución desta ecuación :

$$7 + \sqrt{1 + \sqrt{-\sqrt{30 - \sqrt{13 + \sqrt{x}}}}} = 8$$

5.- Un pintor para pintar un muro dunha casa encerta un bote de pintura de 25 quilos. Cando leva pintadas as $\frac{5}{6}$ partes do muro, observa que lle quedan as $\frac{2}{5}$ partes do bote. Cres que lle chegará a pintura?.



Soluciones: 1.- 36° ; 2.- 2 1 9 7 8; 3.- 7, 12, 19, 31, 50; 4.- $x = 786769$; 5.- sobranlle 7 kilos

Última hora

Que é a música? Unha definición moi antiga di que é a arte de ben combinar os sons e estes co tempo. Claro, a música é arte, búscase a beleza por medio da combinación precisa de sons; súmase a inspiración ao achado, de entre todas as posibilidades, daquela que é a máis sonora. Combinatoria e escolla. Ao final, a música non se parecerá ás matemáticas? Disque poden ter algo en común, claro que si.

O que si é certo que teñen estas dúas artes en común é que son veneradas polo noso compañeiro Alberto. A música practícaa por devoción e as matemáticas por obrigación. Claro, porque é profesor desta materia. Coma todos os matemáticos é serio, por suposto, pero combina esta dureza coa preocupación por presentar ese “óso” como unha disciplina lúdica, sen tanta memorización e máis como xogo didáctico (gran amante dos tangram, por exemplo).

Alberto é un compañeiro exemplar colaborador, diplomático, con moito talante, dialogante e, por que non dicilo, ordenado á súa maneira, porque na suposta desorde, sempre atopa o que lle pides.

Outra das súas paixóns é a informática, as novas tecnoloxías, as innovacións e as novidades. A el agradecemoslle sempre os seus atinados consellos neste eido.

Pero agora nós imos ter un problema: Alberto déixanos, vaise por cambio de “destino”. Certo, o problema é noso, xa que el mellora, vai estar máis preto da súa casa e dos seus e non vai dicir a ese doce que non por contentarnos.

Só nos queda unha cousa, desexámosche sorte nesta túa nova praza, lembrámosche que esta segue sendo a túa casa e que botaremos de menos as túas asisadas intervencións.

Sorte, compañeiro.

VISITA O NOSO BLOG, ENTRA EN

illadesansimon.blogspot.com

Fotos, novas do IES, comentarios,...

Andrew
2-9-02
67#

